



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Teatro en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02047
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Tato Fontaiña, Laura	Correo electrónico	laura.tato@udc.es	
Profesorado	Tato Fontaiña, Laura	Correo electrónico	laura.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo particularizado de obras, autores e momentos relevantes e significativos da dramaturxia en lingua galega e portuguesa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumnado debe coñecer as diversas metodoloxías de análise literaria e espectacular.		A1 A14	B1 B6 B7
Utilizar as ferramentas básicas das TICs necesarias para ser capaz de avaliar criticamente o estilo dun texto dramático e/ou espectacular.		A2 A10	B5
Posuír un coñecemento avanzado dos textos dramáticos das literaturas en linguas galega e portuguesa.		A11 A17 A18 A19 A20	B1 B6 B8 C3



Contidos	
Temas	Subtemas
1. O teatro portugués e o brasileiro.	1.1 Momentos, autores e obras relevantes no teatro portugués. Dos "Autos" de Gil Vicente a "O Marinheiro", de Fernando Pessoa. 1.2. O teatro brasileiro de José de Alencar ao Teatro do Brinquedo de Álvaro Moreyra.
2. O teatro galego	2.1. A renovación dramática galega. D'A lagarada", de Ramón Otero Pedrayo a "Os vellos non deben de namorarse", de Castelao. 2.2. A refundación do teatro galego na segunda metade do século XX.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20 C3	0	45	45
Proba mixta	A1 A2 A14 B6 B1	2	12	14
Presentación oral	A10 A11 B5 B6 B7	1	28	29
Sesión maxistral	A10 A17 A18 B7 B8	22	0	22
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do cuadrimestre.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico (desenvolvemento de temas ou comentarios) e de análise de fontes, destinada a avaliar a competencia e o desempeño atinxidos en relación a aqueles contidos teóricos expostos polo profesorado nas sesións presenciais, así como a asimilación crítica das lecturas propostas.
Presentación oral	Exposición oral en que o/a estudante analizará na aula un texto dramático, unha montaxe ou unha dramaturxia contemporánea.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver os traballos prácticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Os/as alumnos/as poderán contar con axuda personalizada para a preparación da súa proba oral, a resolución de dúbidas levantadas polas lecturas, a realización do seminario e a proba mixta.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A14 B6 B1	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico (desenvolvemento de temas ou comentarios) e de análise de fontes, destinada a avaliar a competencia e o desempeño atinxidos en relación a aqueles contidos teóricos expostos polo profesorado nas sesións presenciais, así como a asimilación crítica das lecturas propostas.	40
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20 C3	O control das lecturas será realizado a traves de discusións dirixidas na aula.	30



Presentación oral	A10 A11 B5 B6 B7	Exposición oral en que o/a estudante analizará na aula un texto dramático, unha montaxe ou unha dramaturxia contemporánea.	30
-------------------	------------------	--	----

Observacións avaliación

Os/as alumnos/as que teñan matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán porse en contacto co docente en horario de titorías ou a través do correo electrónico para fixar as condicións da súa avaliación. Será considerado/a NON PRESENTADO/A o alumno ou alumna que non se presente á proba escrita ou que non realice a proba oral. Na segunda oportunidade haberá que realizar os mesmos traballos e probas que na primeira.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Barata, J. Oliveira (1991). <i>História do Teatro Português</i>. Lisboa: Universidade Aberta- Biscainho Fernandes, Carlos C. (2007). <i>A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral</i>. Santiago: Editorial Laiovento- Magaldi, Sábado (2001). <i>Panorama do Teatro Brasileiro</i>. Sao Paulo: Global Editora- Prado, D. de Almeida (2003). <i>História Concisa do Teatro Brasileiro</i>. Sao Paulo: Edusp- Rebello, F. L. (1991). <i>História do Teatro</i>. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda- Tato Fontaiña, L (1999). <i>Historia do teatro galego. Das orixes a 1936</i>. Vigo: A Nosa Terra- Tato Fontaiña, L (2000). "O teatro desde 1936", en Anxo Tarrío (coord.), <i>Literatura Galega.. A Coruña: Hércules de Edicións</i> <p>Obras de lectura obrigada: Antón Ferreira: Castro Ramón Otero Pedrayo: A lagarada A.D. R. Castela: Os vellos non deben de namorarse Nelson Rodríguez: Vestido de noiva Roberto Vidal Bolaño: As actas escuras</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012
Literatura Portuguesa 1/613G02026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías